



Taller de observación ornitolóxica e de digiscoping

Data: Sábado 8 de maio na Ría do Burgo.

Horario: 11 a 20 h. **Destinatarios:** aberto ao público en xeral

Colaboran: Grupo Naturalista Hábitat e Foto Artús.

Punto de encontro: no paseo da Ría do Burgo, detrás do Xardín Botánico.

A Ría do Burgo é un humidal cun alto valor ornitolóxico. Ademais o paseo litoral que o rodea permite que multitude de persoas se acheguen a esta Ría para gozar da paisaxe, dos paseos e por suposto da observación das aves mariñas.

O digiscoping é unha nova técnica que permite captar imaxes axustando unha cámara dixital a un telescopio terrestre aproveitando o seu poder de magnificación. Isto supón unha vantaxe para fotografar especies esquivas, evitándose gran parte das dificultades que implica ter que achegarse a elas con equipos convencionais.

Taller de macrofotografía



Data: Sábado 8 de maio no Xardín Botánico da Ría do Burgo.

Horarios: 1ª convocatoria ás 12 h
2ª convocatoria ás 16:30 h.

Destinatarios: aberto ao público en xeral

Inscripción previa: na Concellería de Cultura do Concello de Culleredo: servizosmultiples@gmail.com ou tel. 981 665 597

Colabora: Foto Artús.

O planeta está cheo de pequenas cousas, plantas e animais que a miúdo pasan desapercibidas. O obxectivo deste taller é achegar ao mundo do diminuto ás persoas que apenas o coñecen e facelo por medio das fotografías, respectando á natureza e sen poñer en perigo as especies que vamos a fotografar.

